



RESOLUCIÓN do 15 de outubro de 2019, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión para o recurso específico solénidos, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía aprobado para o ano 2019.

- **Antecedentes.**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2018), aproba o plan conxunto de xestión para o recurso específico solénidos, modalidade de mergullo en apnea ou con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía, que inclúe a incorporación dunha (1) habilitación para mergulladores entre as embarcacións xa incluídas no plan de xestión, co obxecto de que todas as embarcacións posúan tres habilitacións e cumpran co plan de seguridade de forma autónoma. E cobertura das vacantes producidas tras o proceso de renovación de recursos específicos do ano 2019, que non se produciron.

- **Consideracións legais e técnicas**

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39-46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.

2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Abrir o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión de solénidos das confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



ANEXO A

Bases da convocatoria.

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto será a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión de solénidos das confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía, de conformidade co establecido no plan de xestión aprobado para o ano 2019.

1.2. Requisitos das embarcacións.

Para poder inscribirse na lista para o incremento do número de cotas de captura, as embarcacións deberán estar incluídas no plan de xestión de solénidos das confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía, aprobado para o ano 2019.

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As persoas armadoras das embarcacións que estean interesadas en formar parte da lista presentarán unha solicitude segundo o anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015 e que tamén está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).


As solicitudes poderán dirixirse á xefatura territorial na Coruña, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía.

As solicitudes poderán presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de acordo co establecido nos artigos 27 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015) utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



As solicitudes presentaranse nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude deberá vir acompañada do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2.) No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

b) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van valorar de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Para os efectos de computar os méritos establecidos só se valorarán os obtidos ata a data de publicación da resolución da apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas.

b.1) Embarcacións que só teñan unha cota de captura no plan de xestión:

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

b.2.) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación

i) No caso de que a persoa armadora, estivese enrolado/a como mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico de solénidos nos 2 anos anteriores a convocatoria: Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela e da libreta de embarque.



Xacobeo 2021





b.3) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.

- A información relativa ás vendas realizadas e rexistros de actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.
- Rol de despachos e tripulación.

c) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria.

e) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

1.4. Emenda da solicitude.

A xefatura territorial, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobarán que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación das emendas realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios das entidades asociativas.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Proceso selectivo. Publicidade das listas

A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e fará pública a lista no seu taboleiro de anuncios e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

A lista tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da/s entidade/s.

3. Emprego da lista

3.1. A xefatura territorial comunicará as persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista que poden beneficiarse do incremento de cotas e concederá un prazo de 15 días hábiles para presentar a seguinte documentación:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

3.2. As persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.



Xacobeo 2021

